

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO****I. Composición histórica: A organización da paz tras a Gran Guerra (6 puntos)**

A partir dos seguintes documentos explica brevemente os principios que orientaron os tratados de paz asinados tras a I Guerra Mundial e os obxectivos da Sociedade das Nacións. Non se trata de que resumas os documentos, nin que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario persoal téndoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

**Documento 1.** Memorando presentado polo primeiro ministro británico, Lloyd George, na Conferencia de Paz de París (25/3/1919):

“Por conseguinte, paréceme que, dende todos os puntos de vista, debemos esforzarnos por establecer a regulamentación da paz como se fósemos árbitros imparciais, alleos ás paixóns da guerra. Esta regulamentación deberá ter tres obxectivos: ante todo, cómpre que faga xustiza aos aliados, tendo en conta a responsabilidade de Alemaña nas orixes da guerra e nos métodos da guerra; despois, debe ser tal que un Goberno alemán consciente das súas responsabilidades poida asinala xulgando que lle será posible cumprir as obrigas que subscribe; finalmente, esta regulamentación non deberá conter ningunha cláusula que, pola súa natureza, provoque novas guerras, e deberá ofrecer unha alternativa ao bolxevismo porque se presentará ante a opinión da xente razoable como unha solución xusta ao problema europeo”.

P. Renouvin, *El Tratado de Versalles*, París, Ed. Flamarion, p. 121.

**Documento 2:** Pacto da Sociedade das Nacións (Versalles, 28 de xuño de 1919)

“Artigo 1. Serán membros orixenarios da Sociedade das Nacións aqueles asinantes cuxos nomes figuren no anexo ao presente Pacto. (...) Todo Estado, Dominio ou Colonia que se governe libremente e que non estea designado no anexo, poderá chegar a ser membro da Sociedade se se declara en favor da súa admisión dúas terceiras partes da Asemblea (...),

Artigo 2. As funcións da Sociedade, tal como quedan definidas no presente Pacto, exerceranse por unha Asemblea e por un Consello, asistidos por unha Secretaría Permanente.

Artigo 5. Salvo expresa disposición contraria do presente Pacto, as decisións da Asemblea ou do Consello tomaranse por unanimidade dos membros representados na reunión.

Artigo 11. Declárase expresamente que toda guerra ou ameaza de guerra, afecte ou non directamente a algúns dos membros da Sociedade, interesa á Sociedade enteira, a cal deberá tomar as medidas necesarias para garantir eficazmente a paz das nacións.

Artigo 12. Todos os membros da Sociedade conveñen en que se xorde entre eles algún desacordo capaz de ocasionar unha ruptura, someterano ao procedemento de arbitraje, a un procedemento xudicial, ou ao exame do Consello...”.

J.L. Neila Hernández, *La Sociedad de Naciones*, Madrid, Ed. Arco Libros, 1997, pp. 84-86.

**II. Preguntas (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha).**

- 1) A nova sociedade de clases e o desenvolvemento do proletariado
- 2) O réxime soviético na época de Lenin
- 3) As características da Guerra Fría e as súas fases
- 4) A globalización económica: manifestacións e efectos no presente século

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO****I.Composición histórica: La organización de la paz tras la Gran Guerra (6 puntos)**

A partir de los siguientes documentos explica brevemente los principios que orientaron los tratados de paz firmados tras la I Guerra Mundial y los objetivos de la Sociedad de Naciones. No se trata de que resumas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta y completes esa información con otros datos que conozcas.

**Documento 1.** Memorando presentado por el primero ministro británico, Lloyd George, en la Conferencia de Paz de París (25/3/1919):

“Por consiguiente, me parece que, desde todos los puntos de vista, debemos esforzarnos por establecer la reglamentación de la paz como si fuésemos árbitros imparciales, ajenos a las pasiones de la guerra. Esta reglamentación deberá tener tres objetivos: ante todo, hace falta que haga justicia a los aliados, teniendo en cuenta la responsabilidad de Alemania en los orígenes de la guerra y en los métodos de la guerra; después, debe ser tal que un Gobierno alemán consciente de sus responsabilidades pueda firmarla juzgando que le será posible cumplir las obligaciones que subscribe; finalmente, esta reglamentación no deberá contener ninguna cláusula que, por su naturaleza, provoque nuevas guerras, y deberá ofrecer una alternativa al bolchevismo porque se presentará ante la opinión de la gente razonable como una solución justa al problema europeo”.

P. Renouvin, *El Tratado de Versalles*, París, Ed. Flammarion, p. 121.

**Documento 2.** Pacto de la Sociedad de Naciones (Versalles, 28 de junio de 1919):

“Artículo 1. Serán miembros originarios de la Sociedad de las Naciones aquellos firmantes cuyos nombres figuren en el anexo al presente Pacto. (...) Todo Estado, Dominio o Colonia que se gobierne libremente y que no esté designado en el anexo, podrá llegar a ser miembro de la Sociedad si se declara en favor de su admisión dos terceras partes de la Asamblea (...),

Artículo 2. Las funciones de la Sociedad, tal como quedan definidas en el presente Pacto, se ejercerán por una Asamblea y por un Consejo, asistidos por una Secretaría Permanente.

Artículo 5. Salvo expresa disposición contraria del presente Pacto, las decisiones de la Asamblea o del Consejo se tomarán por unanimidad de los miembros representados en la reunión.

Artículo 11. Se declara expresamente que toda guerra o amenaza de guerra, afecte o no directamente a algunos de los miembros de la Sociedad, interesa a la Sociedad entera, la cual deberá tomar las medidas necesarias para garantizar eficazmente la paz de las naciones.

Artículo 12. Todos los miembros de la Sociedad convienen en que si surge entre ellos algún desacuerdo capaz de ocasionar una ruptura, lo someterán al procedimiento de arbitraje, a un procedimiento judicial, o al examen del Consejo...”.

J.L. Neila Hernández, *La Sociedad de Naciones*, Madrid, Ed. Arco Libros, 1997, pp. 84-86.

**II.Preguntas (responder únicamente a 2 preguntas: calificación máxima 2 puntos cada una).**

- 1) La nueva sociedad de clases y el desarrollo del proletariado
- 2) El régimen soviético en época de Lenin
- 3) Las características de la Guerra Fría y sus fases
- 4) La globalización económica: manifestaciones y efectos en el presente siglo.

HISTORIA DEL MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE EVALUACIÓN - 2023

**Composición histórica:** La organización de la paz tras la Gran Guerra (6 puntos)

**La calificación tendrá en cuenta** la calidad de la redacción (texto argumentado y coherente, que utilice un vocabulario adecuado). También atenderá al buen uso de los documentos (contextualización y utilización de algunos datos que aparecen en ellos).

Dado que el objetivo de la composición consiste en explicar la organización de la paz tras la I Guerra Mundial, la respuesta **deberá hacer referencia de manera específica a las siguientes cuestiones:**

-La situación planteada una vez finalizado el conflicto y firmados los armisticios: reunión de las potencias vencedoras en París y fijación de las condiciones de la paz.

-Los principios que dominaron los tratados de paz y en particular el Tratado de Versalles con Alemania (cuestiones a las que se alude en el documento 1).

-La organización y los objetivos de la Sociedad de Naciones (cuestiones a las que se alude en el documento 2).

**Se valorará especialmente la mención a cuestiones como:**

-Los impulsores de los planes de paz, en particular Thomas Wilson y sus propuestas.

-Algunas de las condiciones impuestas a Alemania en el Tratado de Versalles (territoriales, militares, económicas...).

-Los tratados firmados con otras potencias derrotadas.

-Los efectos de la paz: las nuevas fronteras europeas y el “espíritu de Versalles”.

**Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)**

1. La nueva sociedad de clases y el desarrollo del proletariado

La respuesta debe señalar los nuevos criterios de organización social imperantes tras la desaparición de la antigua sociedad estamental: igualdad jurídica, riqueza como principal factor de jerarquización social, dominio de la burguesía y desarrollo del proletariado como nuevo grupo social con conciencia de clase, así como la evolución del asociacionismo obrero desde los primeros movimientos ludistas hasta el sindicalismo moderno.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los efectos de la nueva estructuración social (mayor movilidad social, consolidación de la desigualdad económica), a las condiciones de trabajo del proletariado, a las reacciones de empresarios y gobiernos contra las reivindicaciones obreras o a cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 2. El régimen soviético en época de Lenin

La respuesta debe explicar las principales medidas adoptadas por el gobierno de Lenin: retirada rusa de la I Guerra Mundial, reforzamiento del ejército rojo para hacer frente a la guerra civil, socialización de la economía (Decreto sobre la tierra, comunismo de guerra y Nueva Política Económica), construcción del estado soviético (Constitución soviética, creación de la URSS) y fundación de la Tercera Internacional.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los efectos del tratado de Brest-Litovsk, a otros Decretos de Octubre, a los efectos de la NEP, a la Declaración de derechos de los pueblos de Rusia, a la organización de la URSS o a cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 3. Las características de la Guerra Fría y sus fases

La respuesta debe explicar el concepto de Guerra Fría, sus principales características (enfrentamiento bipolar, ideológico, intermitente, basado en la disuasión nuclear), y sus etapas: fase álgida entre 1947 y 1962, etapa de coexistencia pacífica hasta 1985 y fase final hasta la desaparición de la URSS en 1991.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los factores que condujeron a la división del mundo en dos bloques, a las potencias y países que los conformaban, las estrategias utilizadas por ambos (carrera armamentista, espionaje, propaganda...), la aparición de los Países No Alineados, o a cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 4. La globalización económica: manifestaciones y efectos en el presente siglo

La respuesta debe explicar el concepto de globalización y sus principales características (liberalización de los mercados, uniformización de productos y hábitos de consumo, producción a escala mundial, movilidad financiera), además de incidir en sus efectos (reconversión industrial y agrícola, deslocalización empresarial, desarrollo de empresas multinacionales) y en los movimientos surgidos en su contra.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los factores que facilitaron la globalización (nuevas tecnologías, mejoras en las comunicaciones), a los objetivos del Foro Social Mundial, a los efectos sociales de la nueva realidad económica (terciarización de la economía, urbanización...) y a cualquier otra precisión relacionada con la materia.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - 2023

**Composición histórica (6 puntos)**

**A cualificación terá en conta** a calidade da redacción (texto argumentado e coherente, que utilice un vocabulario axeitado). Tamén atenderá ao bo uso dos documentos (contextualización e utilización dalgún dos seus datos).

Dado que o obxectivo da composición consiste en explicar a organización da paz tras a I Guerra Mundial, a resposta deberá facer referencia de maneira específica ás seguintes cuestións:

-A situación exposta unha vez finalizado o conflito e asinados os armisticios: reunión das potencias vencedoras en París e fixación das condicións da paz.

-Os principios que dominaron os tratados de paz e en particular o Tratado de Versalles con Alemaña (cuestións ás que se alude no documento 1).

-A organización e os obxectivos da Sociedade de Nacións (cuestións ás que se alude no documento 2).

**Valorarase especialmente a mención a cuestións como:**

-Os impulsores dos plans de paz, en particular Thomas Wilson e as súas propostas.

-Algunhas das condicións impostas a Alemaña no Tratado de Versalles (territoriais, militares, económicas...).

-Os tratados asinados con outras potencias derrotadas.

-Os efectos da paz: as novas fronteiras europeas e o “espírito de Versalles”.

**Preguntas (4 puntos, 2 por cada unha das escollidas)**

1. A nova sociedade de clases e o desenvolvemento do proletariado

A resposta debe sinalar os novos criterios de organización social imperantes tras a desaparición da antiga sociedade estamental: igualdade xurídica, riqueza como principal factor de xerarquización social, dominio da burguesía e desenvolvemento do proletariado como novo grupo social con conciencia de clase, así como a evolución do asociacionismo obreiro desde os primeiros movementos ludistas ata o sindicalismo moderno.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos efectos da nova estruturación social (maior mobilidade social, consolidación da desigualdade económica), ás condicións de traballo do proletariado, ás reaccións de empresarios e gobernos contra as reivindicacións obreiras ou a calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 2. O réxime soviético na época de Lenin

A resposta debe explicar as principais medidas adoptadas polo goberno de Lenin: retirada rusa da I Guerra Mundial, reforzamento do exército vermello para facer fronte á guerra civil, socialización da economía (Decreto sobre a terra, comunismo de guerra e Nova Política Económica), construción do estado soviético (Constitución soviética, creación da URSS) e fundación da Terceira Internacional.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos efectos do tratado de Brest-Litovsk, a outros Decretos de Outubro, aos efectos da NEP, á Declaración de dereitos dos pobos de Rusia, á organización da URSS ou a calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 3. As características da Guerra Fría e as súas fases

A resposta debe explicar o concepto de Guerra Fría, as súas principais características (enfrentamento bipolar, ideolóxico, intermitente, baseado na disuasión nuclear), e as súas etapas: fase álxida entre 1947 e 1962, etapa de coexistencia pacífica ata 1985 e fase final ata a desaparición da URSS en 1991.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos factores que conduciron á división do mundo en dous bloques, ás potencias e países que os conformaban, as estratexias utilizadas por ambos (carreira armamentista, espionaxe, propaganda...), a aparición dos Países Non Aliñados, ou a calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 4. A globalización económica: manifestacións e efectos no presente século

A resposta debe explicar o concepto de globalización e as súas principais características (liberalización dos mercados, uniformización de produtos e hábitos de consumo, produción a escala mundial, mobilidade financeira), ademais de incidir nos seus efectos (reconversión industrial e agrícola, deslocalización empresarial, desenvolvemento de empresas multinacionais) e nos movementos xurdidos na súa contra.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos factores que facilitaron a globalización (novas tecnoloxías, melloras nas comunicacións), aos obxectivos do Foro Social Mundial, para os efectos sociais da nova realidade económica (terciarización da economía, urbanización...) e a calquera outra precisión relacionada coa materia.